
VI CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Xurdir, coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Políticas Culturais, organiza o **venres 17 de maio de 2019** a VI edición da Carreira Camiño das Letras, con 2 probas absolutas: unha desde o Pico Sacro, seguindo a Ruta da Prata, ata a Cidade da Cultura; e outra de 5 km con circuito íntegro pola Cidade da Cultura de Santiago.

A maiores faranse probas para as categorías de menores na Cidade da Cultura de Santiago. Esta proba que quere unir a práctica deportiva coa conmemoración do Día das Letras Galegas e co simbolismo do Camiño de Santiago, réxese polo seguinte

REGULAMENTO

1. Data, distancias e horarios

A **VI Carreira Camiño das Letras** terá lugar o **venres 17 de maio de 2019** e constará de dúas probas absolutas e doutras para as categorías de menores.

PROBA ABSOLUTA DE 15 KM

Esta **proba absoluta** (das categorías júnior/promesa, sénior e veteranos) sairá ás **10.00 horas** dende as proximidades do Pico Sacro, e seguirá un circuíto de **15 km** ao longo da Ruta da Prata ou Camiño do Sueste, ata a Cidade da Cultura.

Nela, poderán participar atletas federados e non federados, pero haberá unha soa clasificación conxunta. Os participantes deberán situarse na liña de saída 15 minutos antes da hora prevista pola organización para a saída da carreira. O peche de control da proba realizarase ás 11.40 horas e, unha vez pasada esta hora, o participante que siga na carreira deberá retirarse do circuíto oficial de competición. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados pola organización.

PROBA ABSOLUTA DE 5 KM

Esta **proba absoluta** (categorías de sub 18 a máster) sairá ás **10.05 horas** desde a Cidade da Cultura (zona de meta da proba de 15 km), e consistirá en 2 voltas a un percorrido de 2,5 km polas proximidades da Cidade da Cultura de Santiago e polo Bosque de Galicia.

Nesta proba poderán participar atletas federados e non federados, pero haberá unha soa clasificación conxunta. Os participantes deberán situarse na liña de saída 10 minutos antes da hora prevista pola organización para a saída da carreira.

PROBAS DE MENORES

As probas das categorías “escolares” (de sub 6 a sub 18) realizaranse a partir das **12:00 horas** por un circuíto na Cidade da Cultura, coas seguintes distancias e intervalos de tempo:

12:05 h – Sub 14 – Sub 16 H/M	2,5 km aprox.
12:25 h – Sub 10 – Sub 12 H/M	1,5 km aprox.
11:45 h – Sub 8 H/M	500 m aprox.
11:55 h – Sub 6 H/M	300 m aprox.

Os horarios das saídas poderanse modificar, a criterio da organización e do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría. As categorías sub 6 e sub 8 non son categorías federadas.

2. Control técnico da proba

A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial de probas en ruta.

3. Categorías de Competición por PROBA:

Proba absoluta 15 KM:

- | | | |
|-------------------|-----|--|
| • SUB 20 / SUB 23 | M/F | atletas nados/as entre 1997 e 2001 |
| • SÉNIOR | M/F | atletas nados/as entre 1996 e ata Máster |
| • MASTER A | M/F | atletas nados/as entre 1974 e 1984 |
| • MASTER B | M/F | atletas nados/as entre 1964 e 1973 |
| • MASTER C | M/F | atletas nados no 1963 e anteriores |

Proba absoluta 5 KM:

- | | | |
|-------------------|-----|--|
| • SUB 18 | M/F | atletas nados/as en 2002/2003 |
| • SUB 20 / SUB 23 | M/F | atletas nados/as entre 1997 e 2001 |
| • SÉNIOR | M/F | atletas nados/as entre 1996 e ata Máster |
| • MASTER A | M/F | atletas nados/as entre 1974 e 1984 |
| • MASTER B | M/F | atletas nados/as entre 1964 e 1973 |
| • MASTER C | M/F | atletas nados no 1963 e anteriores |

PROBAS DE MENORES:

- | | | |
|----------|-----|--|
| • SUB 6 | M/F | atletas nados/as no ano 2014 e posteriores |
| • SUB 8 | M/F | atletas nados/as nos anos 2012 e 2013 |
| • SUB 10 | M/F | atletas nados/as nos anos 2010 e 2011 |
| • SUB 12 | M/F | atletas nados/as nos anos 2008 e 2009 |
| • SUB 14 | M/F | atletas nados/as nos anos 2006 e 2007 |
| • SUB 16 | M/F | atletas nados/as nos anos 2004 e 2005 |

4. INSCRICIÓNS:

a) Realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com :

As inscricións estarán abertas ata o **martes 14 de maio ás 23.59 horas**. Non se aceptarán inscricións fóra do prazo establecido.

b) Os prezos de inscrición serán os seguintes:

PROBA	CATEGORIAS	PREZO
Probas de menores	De Sub 6 a Sub 16	GRATUITO
Proba absoluta 15 km	De Sub 20 / Sub 23 a Máster	 Do 08/04 ao 08/05 -> 8 €
		 Do 09/05 ao 14/05 -> 10 €
Proba absoluta 5 km	De Sub 18 a Máster	 Do 08/04 ao 08/05 -> 5 €
		 Do 09/05 ao 14/05 -> 7 €

5. Entrega de dorsais

A entrega dos dorsais realizarase **na entrada a Área Central pola rúa de Varsovia (ao pé da maqueta)**, nos seguintes días e horarios:

- **Mércores, 15 de maio, de 17:00 a 21:00 horas**
- **Xoves, 16 de maio, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas**

De xeito excepcional, permitirase a recollida dos dorsais na secretaría da competición sita na Cidade da Cultura, entre as 8.30 e as 9.00 horas, para a proba absoluta de 15 km e ata 30' minutos antes da proba de 5 km.

A cronometraxe realizarase mediante un sistema de chip-dorsal para a proba de adultos e manualmente para as probas de menores.

Os dorsais son persoais e intransferibles e han de ir colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible, sen dobreces, e así deberán levarse durante toda a proba. O incumprimento deste artigo poderá ser motivo de descualificación.

6. Premios e agasallos

Todos os participantes que finalicen a proba de adultos e de menores recibirán como agasallo da organización **un libro** e máis o **diploma Camiño das Letras**, para unir a conmemoración do Día das Letras Galegas co simbolismo dos Camiños de Santiago. Todos os rapaces recibirán unha medalla conmemorativa da carreira.

A **entrega de premios aos gañadores** realizarase progresivamente segundo vaian rematando as probas, na zona de meta da Cidade da Cultura. Os premios non serán acumulativos.

Recibirán premio:

- Os 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta 15 km recibirán un trofeo deseñado especialmente para a proba e un lote de libros.
- Os 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta 5 km recibirán un trofeo deseñado especialmente para a proba e un lote de libros.
- Os tres primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente reglamento para cada proba (de sub 6 a máster) recibirán un lote de libros.
- O centro escolar e o clube federado que máis alumnos/atletas rematen a proba recibirán un trofeo e un lote de libros.

7. Avituallamentos

PROBA DE 15 KM:

Estableceranse 2 puntos de avituallamento nos quilómetros **7,3** e **11,7** da carreira, onde se abastecerá de bebida os atletas. Na liña de meta, facilitarase a hidratación dos participantes, coa entrega de auga zumes e froita.

PROBAS DE MENORES E DE 5 KM:

Establecerase un punto de avituallamento na liña de meta.

8. Servizos médicos

A proba disporá dos servizos médicos regulamentarios, así como de ambulancia, ademais dun fisioterapeuta para urxencias musculares.

9. Outros servizos

A organización porá á disposición dos participantes un servizo de gardarroupa na zona de saída que trasladará á zona de meta a roupa deportiva depositada nel, un servizo de duchas no Pavillón do CEIP das Fontiñas, e autobuses para facilitar o traslado dos atletas desde o punto de meta á zona de saída.

SERVIZO DE AUTOBUSES PARA A PROBA DE 15 KM

OS AUTOBUSES PARTIRÁN DENDE A CIDADE DA CULTURA CUNHA FRECUENCIA DE 20 MINUTOS A PARTIR DAS 8:30 HORAS EN DIRECCIÓN Á ZONA DE SAÍDA. A DERRADEIRA SAÍDA SERÁ ÁS 9:15 HORAS

10. Reclamacións

Todas as reclamacións deberánselle facer verbalmente ao xuíz árbitro da competición, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de que se publiquen os resultados oficiais.

11. Responsabilidade

O participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para correr a proba e exime a organización desta responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá

as incidencias inherentes á proba.

12. LOPD

Todos os corredores, incluídos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e da súa imaxe nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet.

CONSIDERACIÓN DERRADEIRA

Todo o que non se reflicta neste regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF, por esta orde.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consiente expresamente que os seus datos básicos sean cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal e como establece a ley de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

Todo participantes polo xeito de inscribirse permite que as imaxes, videos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas rrss e páxinas webs oficiais.